

TRABALLO DÍA 19 DE NOVIEMBRE DE 2024 1º ESO B

1º) COPIA NO TEU CADERNO O SEGUINTE CONTIDO E FAI OS EXERCICIOS PROPOSTOS

3.2 O CLIMA

A) FACTORES CLIMÁTICOS

- **Latitude:** A temperatura descende conforme nos acercamos aos polos e aumenta conforme nos acercamos ao Ecuador
- **Distancia respecto ao mar:** No interior dos continentes as temperaturas son máis extremas (temperaturas moi altas en verán e moi baixas en inverno). Nas zonas próximas a costa as temperaturas son máis temperadas
- **A orientación:** as zonas varían a temperatura segundo estén expostas ao sol e aos ventos
- **A altitude.** A temperatura diminúe a medida que aumenta a altitude (uns 0,6°C por cada 100 m)

B) ELEMENTOS DO CLIMA.

A temperatura.

A temperatura é a cantidade de calor que ten o aire da atmosfera. Segundo a temperatura, o noso planeta divídese en:

- Unha zona cálida entre os dous trópicos. Nela, os raios solares inciden total ou practicamente perpendiculares durante todo o ano. Por iso as temperaturas son elevadas e hai moi pouca diferenza de temperatura entre unhas estacións e outras.
- Dúas zonas temperadas, situadas (entre os trópicos e os círculos polares) Nestas zonas os raios solares inciden de forma máis inclinada. Por eso as temperaturas son máis moderadas e nótase máis a variación das estacións
- Dúas zonas frías, nos círculos polares. Nestas zonas, os raios solares inciden de xeito moi oblicuo durante todo o ano. Por iso, as temperaturas son sempre frías.



A precipitación é a cantidade de auga caída sobre a superficie terrestre procedente da condensación de vapor que contén o aire en forma deuvia, neve, saraiba, etc.

As precipitacións son máis abundantes no Ecuador e descenden cara aos polos, pero tamén aumentan coa altitude e coa proximidade a mares e océanos.

Nas zonas de contacto entre anticiclóns e borrascas fórmanse o que denominamos frontes e traen asociadas precipitacións intensas

Ventos.

O vento orixínase polas diferenzas de presión atmosférica entre uns lugares e outros. O aire vai das zonas de alta presión ás de baixa presión.

A presión atmosférica

A presión atmosférica é o peso ou a forza que exerce o aire sobre a superficie terrestre.

Mídese co barómetro e exprésase en milibares (mbs), sendo a presión “normal” 1013 mbs.

Diferenciamos por encima de esa cifra os ANTICICLÓNS ou altas presións e cando o aire se quenta, ascende provocando que a presión atmosférica diminúa, falamos entón de CICLÓNS ou baixas presións